



**Concello de  
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

ayuntamiento@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tifnos. 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax. 986 554 069

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**Asunto: SELECCIÓN DE CINCO (5) TRABALLADORES COA CATEGORÍA DE PEÓNS CON CARGO Á SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA, PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL POLAS ENTIDADES LOCAIS DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DE RISGA, PARA PRESTAR SERVIZOS DE "CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS NO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA".**

Por Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia do 12 de decembro de 2017 (DOG núm. 9 do 12 de xaneiro de 2018) e do 5 de xullo de 2018, pola que se amplía a dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 12 de decembro de 2017 (DOG núm. 135 do 16 de xullo de 2018), se estableceron as bases reguladoras e se procedeu a convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco ou exclusión social perceptoras de RISGA para o exercicio 2018.

Por Resolución de 14 de agosto de 2018 da Xefatura Territorial de Vigo da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia na que se lle outorga a este Concello unha subvención de 52.095,75 euros para a contratación de 5 traballadores/as coa categoría de PEÓN. Na dita contía inclúense os custos salariais dos traballadores/as que se contraten así como a cotización empresarial á Seguridade Social. O contrato de traballo a asinar cos mesmos terá unha duración máxima de 7 meses cunha xornada de traballo a tempo parcial do 75 % do tempo da xornada ordinaria e terá as cláusulas específicas de traballos de interese social.

En todo caso estes traballadores terán a condición de persoal laboral temporal do Concello de Vilanova de Arousa para o desenvolvemento de postos de traballo non incluídos na RPT financiados integramente con cargo a programas subvencionados por outra Administración Pública.

Por todo isto e previo o trámite de audiencia co Comité de Empresa do Concello, esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle confiren os artigos 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril e LBRL, 61.1.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 41.14 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro,



**Concello de  
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

ayuntamiento@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tifnos. 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax. 986 554 069

convoca proceso selectivo para a selección de 5 traballadores/as coa categoría de PEÓN, consonte á Orde do 12 de decembro de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia pola que se estableceron ás bases reguladoras e se procedeu á convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco ou exclusión social perceptoras de RISGA para o exercicio 2018.

## **ACORDA**

### **Primeiro.- Características dos postos de traballo.**

Convocase proceso selectivo para a cobertura do seguintes postos de traballo e coas características que se indican:

- Categoría Profesional: *PEÓN.*
- Número de postos que se convocan: *5 (cinco).*
- Obra ou servizo a realizar: *De interese xeral ou social dentro do Servizo de Obras do Concello.*
- Tipo de contrato: *Contrato de traballo temporal de duración determinada coas cláusulas específicas de traballos de interese social.*

Aos efectos previsto no artigo 15.5 do Estatutos dos Traballadores aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, estes contratos non teñen a condición de contrato temporal celebrados no marco de programas públicos de emprego. **Xa que logo aqueles traballadores que nun período de trinta meses houberan estado contratados durante un prazo superior a vinte e catro meses, con ou sen solución de continuidade, para este mesmo ou diferente posto de traballo neste Concello, mediante dous ou máis contratos temporais, coas mesmas ou diferentes modalidades contractuais de duración determinada, non poderán participar neste proceso selectivo aínda que posúan os demais requisitos esixidos na convocatoria.**

- Duración do contrato: *Sete (7) meses a contar desde a data da súa sinatura.*
- Tipo de xornada: *A tempo parcial: 75 % da xornada laboral ordinaria.*
- Grupo de cotización: *10.*



Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

ayuntamiento@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tifnos. 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax. 986 554 069

## **Segundo.- Requisitos dos/as aspirantes.**

De conformidade co establecido no artigo 12.d) da Orde do 12 de decembro de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia os requisitos que deberán posuír os traballadores/as que se contraten tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de interese social serán os seguintes:

- Deberán ser persoas perceptoras de RISGA.
- Estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego.

## **Terceiro.- Procedemento de selección.**

**4.1. Publicidade.** O procedemento de selección se inicia coa presente Resolución da Alcaldía.

Paralelamente, de acordo co disposto no artigo 12.e) da Orde do 12 de decembro de 2017 o Concello presentará unha oferta específica do programa de contratación de beneficiarios/as da Risga para cada categoría profesional nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

En todo caso, no momento en que o Concello presenta a oferta no SPEG, deberá anunciar tal circunstancia a través da súa páxina web [www.vilanovadearousa.com](http://www.vilanovadearousa.com) dentro do portal "oferta pública de emprego".

**4.2. Entrevista persoal.** Recibida no Concello a proposta correspondente do Servizo Público de Emprego de Galicia se celebrará a entrevista curricular e regrada ás persoas incluídas no listado. A dita citación corresponderá efectuala ao dito organismo.

Os interesados deberán presentar no momento da entrevista o seu DNI e aportar a seguinte documentación:

- Citación para entrevista emitida polo SPEG.
- Informe de vida laboral.
- Libro de Familia
- Fotocopia compulsada da resolución pola que se recoñece o dereito a percibir o RISGA.



## Concello de Vilanova de Arousa

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

ayuntamiento@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tifnos. 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax. 986 554 069

- No seu caso, aqueles candidatos que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, deberán presentar fotocopia compulsada que acredite tal extremo.

A entrevista será cualificada de 0 a 2 puntos. No acta que se levante reflectirase de xeito detallado a puntuación que cada un dos membros da comisión de selección outorga aos aspirantes na entrevista persoal nesta entrevista.

### 4.3. Baremación.

**Dereito Preferente.** Nos termos previstos no artigo 12.d) da Orde do 17 de decembro de 2017 establece un dereito preferente na contratación a favor dos seguintes colectivos:

- De aquelas persoas perceptoras de RISGA que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral.
- Os maiores de 45 anos.
- Os aspirantes que teñan fillos menores de 26 anos ao seu cargo.

Trala celebración da entrevista e en unidade de acto a Comisión de Selección procederá a baremar aos aspirantes atendendo aos seguintes criterios obxectivos:

- Por cada mes de percepción de RISGA, 0,10 puntos ate un máximo de 5,00 puntos.
- Por ser maior de 45 anos, 1 punto
- Por cada fillo menor de 26 anos, 1 punto ate un máximo de 2,00 puntos.

A puntuación final do proceso de selección virá constituída pola suma do resultado obtido na entrevista persoal e na baremación, cun máximo de 10,00 puntos.

**4.4. Resolución.** Asinado o acta por todos os compoñentes da comisión a se elevará á Alcaldía a proposta de contratación levantando acta de todo o actuado.

A Resolución da Alcaldía publicarase a través da páxina web [www.vilanovadearousa.com](http://www.vilanovadearousa.com) dentro do portal "oferta pública de emprego" e no taboleiro de anuncios do Concello.



**Concello de  
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

ayuntamiento@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tifnos. 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax. 986 554 069

### **Quinto.- Comisión de selección.**

Consonte ao establecido no artigo 12.c) da Orde do 17 de decembro de 2017 a selección de traballadores e traballadoras que se contraten será realizada por un grupo mixto constituído para tal fin por representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria, do Concello y dos equipos de inclusión sociolaboral dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, cando o ámbito territorial deste Concello estea comprendido dentro das súas demarcacións para a intervención, que actuará de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

En representación do Concello désígnanse aos seguintes membros da Comisión de Selección: correspondendo ao Alcalde a designación dos membros do Concello na mesma.

- Presidenta: MARIA JOSE CIDÓN CONDE, Orientadora Laboral, en representación da Secretaría Xeral.
- Secretario: DAVID VIDAL PAZ, Funcionario do Concello.
- Vogais: MERCEDES ACHA BOVEDA, Asistente Social.  
SILVIA SANTOS GARCÍA, Psicóloga.  
ALFONSO RODRÍGUEZ OTERO, Encargado de Obras e Servizos.

**Sexto.- Abocación da competencia.** Abocase por razóns de urxencia para este concreto expediente a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por Decreto da Alcaldía do 15 de xuño de 2015.

Vilanova de Arousa a 22 de agosto de 2018.

O ALCALDE,

Ante min,  
O SECRETARIO accidental,

Gonzalo Durán Hermida.

David Vidal Paz.